

02. CONDICIONANTES TÉCNICOS Y LEGALES.

2.1 Urbanismo

O municipio de Gondomar encóntrase actualmente sen planeamento urbano debido ao que o PXOM foi anulado por sentenza xudicial firme. Como municipio sen planeamento urbano municipal é de aplicación a Disposición Adicional Segunda establecida pola Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia de setembro de 2002 (Texto Refundido Ley 15/2004).

Ao tratarse dunha actuación en espazo público, no que non se prevé edificabilidade nen aproveitamentos considerase que no incumpre ningunha normativa urbanística.

2.2 Accesibilidade e supresión de barreiras

Na redacción do presente Proxecto dáse cumprimento á normativa vixente e requisitos esixidos pola Lei 8/1997, de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. Garántese así a accesibilidade conforme aos requerimentos funcionais e dimensionais mínimos.

Dada la suave topografía do ámbito peonil do trazado da rúa resulta posible resolver todos os itinerarios sen escaleiras ou outras barreiras arquitectónicas de forma que teñan o carácter de adaptados segundo dispón a lexislación.

Cúmpranse os artigos do CAPÍTULO 1 de la lei 8/97 relativos a disposicións sobre barreiras arquitectónicas urbanísticas desenvolvidos polos artigos correspondentes do Regulamento e os do Código de accesibilidade anexo "Base 1 sobre barreiras arquitectónicas urbanísticas".

O cumprimento dos mesmos pódese comprobar nos planos do proxecto sendo os máis significativos os seguintes:

- Os itinerarios teñen un largo maior de 1,80
- Cando existan sinais terán un largo maior de 1,50.
- As pendentes son menores do 10% lonxitudinalmente e menores do 2% transversalmente.
- A altura libre de obstáculos é maior de 2,20 m.
- Nos pasos peatonais o paso libre é maior de 0,90 m. e terá un pavimento diferenciado. A diferencia entre beirarrúa e calzada será de 2 cm.
- Os bordillos terán os cantos redondeados e unha altura máxima de 14 cm.
- Adxuntase anexo xustificativo do cumprimento de dita normativa

